

II PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL YPF

Repsol YPF en colaboración con Editorial Galaxia e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, no desexo de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a segunda edición do PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, de acordo coas seguintes BASES:

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, agás o gañador/a da edición anterior, cunha obra escrita en lingua galega, consonte á normativa establecida pola “ Real Academia Galega”.
2. As obras, que serán orixinais e inéditas, terán unha extensión non inferior a 50 folios nin superior a 120.
3. Os orixinais, que se presentarán encadernados e por sextuplicado, estarán mecanografiados a dobre espazo, a razón de 32 liñas de 70 caracteres aproximadamente. En cada un deles figurará o título da obra e o lema da mesma. Ademais, achegarase un sobre pechado no que figurará o devandito lema e, no seu interior: o nome, enderezo e teléfono do autor ou da autora.
4. As obras enviaranse antes do 16 de xullo de 2007, facendo constar no sobre PREMIO DA NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, ao seguinte enderezo:
Complexo Industrial Repsol YPF
Apartado-700
15080 A Coruña
5. Establécese un único premio dotado con 6.000 Euros. Esta cantidade estará suxeita á retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.
6. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.

7. A contía do Premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador. A obra premiada será publicada por Editorial Galaxia, a quen corresponderán os dereitos de edición en galego. En todas as edicións que se realicen farase constar o nome de Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2007.

8. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e será nomeado por Repsol YPF, Editorial Galaxia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia en colaboración coa Real Academia Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editores.

A súa decisión será inapelable e farase pública no mes de setembro do presente ano 2007.

9. A entrega do Premio terá lugar no decurso dun acto público que se celebrará na cidade de A Coruña.

10. A non ser por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do Premio.

11. Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous meses, a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.

12. Nos aspectos non contemplados nestas bases ou naqueles que puideran ser obxecto de interpretación, a decisión corresponde ás entidades organizadoras.

13. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

A Coruña, 10 de abril de 2007.